

Contribución ó estudio do artigo. A súa función¹

CARME HERMIDA
Universidade de Santiago

1. INTRODUCCIÓN

Tradicionalmente consideráronse funcións propias do "artigo determinado", ou forma *o*, a *determinación*, obxecto deste traballo, e a *sustantivación*.

A atribución da función da *determinación* ó artigo debeuse, segundo palabras de Bello/Cuervo (1970: 102), a que "señala ideas, ideas determinadas, consabidas del oyente o del lector"; ou porque, segundo Lenz (1935: 187-188), "presenta al sustantivo como un concepto ya existente en la mente del que habla y del que oye".

Coa implantación do estruturalismo e, fundamentalmente, coa do funcionalismo, levantouse unha ampla nube de críticas contra esta concepción, acusándoa dun excesivo loxicismo. Como contrapartida ofrécense teorías que buscan definilo non polo modo de coñecemento que se ten do obxecto, senón pola súa función no discurso, camiño que parece imprescindible para chegar á súa caracterización.

2. A DETERMINACIÓN COMO FUNCIÓN

A gramática tradicional presentaba un paradigma do artigo composto por dous membros: *un* e *o*. O primeiro deles, segundo a Real Academia Española (1931: 43), era o artigo "genérico, indefinido o indeterminado" e a súa misión consistía en acompañar "un objeto no consabido de aquel a quien se dirige la palabra". A forma *o* era un "artículo definido o determinado" (*Ibidem*: 39) que servía para "acompañar aquel objeto determinado ya conocido del que habla y del que escucha".

¹ Neste traballo resérvase este termo para o tradicionalmente considerado artigo determinado.

Contra esta concepción produciríase unha reacción xeneralizada representada na gramática española por Alonso e Alarcos. Alonso (1974: 126 e ss.) critica a denominación *determinado-indeterminado* por tratarse dunha oposición lóxica, non idiomática, negándolle, asemade, o carácter de artigo a *un* por posuír acento de intensidade, significación léxica, non estar gramaticalizado e poder aparecer desprendido do sustantivo (*Ibidem*: 150-2). As súas conclusións resúmense nunha reestructuración do paradigma que supón a eliminación de *un* e a descripción dun novo sistema "formado por la presencia y ausencia del artículo" (*Ibidem*: 133). A esta mesma conclusión chega Alarcos (1980: 228): "lo que se opone a *pasan las vacas* es *pasan vacas*; en la oración *pasan unas vacas* se introducen nuevos contenidos que no tienen que ver con el artículo".

Esta nova concepción do artigo elimina a parella clásica *o/un* e a oposición *determinado/indeterminado* substituíndoa pola de *existencia/esencia* e *o/Ø*, pero non se elimina a caracterización semántica na medida en que o xeito de denota-los obxectos é un trazo fundamentalmente semántico.

Se se examinan os seguintes enunciados:

Merquei *unha* pulseira

Merquei *certa* pulseira

Merquei *tres* pulseiras

Merquei *a* pulseira

Merquei *esta* pulseira

obsérvase que a función desempeñada polas distintas formas remarcadas é a mesma: calquera delas pode ser conmutada por outra sen que varíen as relacións sintagmáticas establecidas.

O noso sistema lingüístico esixe, á hora de articular un discurso, a presenza dunha función que Coseriu (1969: 291) denomina *determinación* e que se debe entender como "todas aquellas operaciones que, en el lenguaje como actividad, se cumplen *para designar algo acerca de algo con los signos de la lengua*, o sea, para «actualizar» y dirigir hacia la realidad concreta un signo «virtual»". Esta é a función que realizan as formas comentadas, converter en realidade na mente do falante e do oínte un concepto que ata ese momento non tiña máis vixencia cá virtual ou conceptual.

A determinación é, xa que logo, a función sintáctica² que desempeñan *un*, *o*, *indefinidos*, *numerais*, *demostrativos*, etc., aínda que entre eles se establecen diferencias evidentes, entre as que se atopa a súa posición no discurso:

² A aceptación da determinación como función sintáctica non é xeral entre os lingüistas. Álvarez Martínez (1986:256), por exemplo, considera que a determinación "pertenece al significado de este signo [do artigo] y no a su misión en la lengua". A autora citada fala, con todo, dos determinantes que define como "conjunto de unidades lingüísticas que funcionan como Adyacentes nominales, pero que pueden actuar como Núcleos, sin que para ello precisen un transpositor" (*Ibidem*: 129).

Viñeron *tres* nenos e *eses* nenos eran fillos de...
 Onte pedínlle *varios* libros e hoxe xa teño *os* libros...
 Traía *unha* vara e arrimábase *á* vara.

Un, tres e *varios* aparecen cando o obxecto se presenta por primeira vez, fronte a *o* e *eses* que concorren coa mención posterior dun obxecto que xa foi presentado.

Esta característica é a que permite establecer unha oposición entre as distintas formas, como tamén recoñece Alonso (1974: 153): "*Un, una* se oponen a *el, la* en una sola y misma situación coloquial: cuando se introduce en el hablar un objeto antes no mencionado". Trátase dunha oposición informativa -só se realiza no discurso ou fala- que enfrenta o determinante do concepto do que se vai informar (*un, indefinidos, numerais...*) a aquel que acompaña os conceptos dos que xa se ten información anterior (*o, demostrativos*). Quere isto dicir que os primeiros funcionan como *determinantes-presentadores* dos nomes no discurso e os segundos como acompañantes de conceptos xa presentados, ou *determinantes-pos-presentadores*³.

A *presentación* é unha subfunción dentro da determinación que consta, idealmente, de tres operacións básicas que se realizan asemade: a *actualización* dun concepto -ou conversión de virtual en actual e colocación na esfera de atención do falante-, *segmentación* do concepto-obxecto actualizado dentro da clase á que pertence e a súa *individualización* fronte ós outros da clase. A estas tres operacións hai que engadirilles un requisito que ten que ver coa posición no discurso, a de acompañalo concepto a primeira vez que se nomea (primeira mención). Esta subfunción pode ser desempeñada por formas como *un, indefinidos, numerais*, que realizan as tres operacións e cumpren o requisito indicado e que se opón por motivos funcionais e tamén semánticos⁴.

A *pospresentación* caracterízase, fronte á presentación, por *reactualizar* un concepto que xa foi nomeado e que, polo tanto, xa está actualizado e por *confirma-la extensión* coa que foi presentado, é dicir para *confirma-la segmentación* e *individualización* que antes se fixera del.

Estase, xa que logo, diante dunha función única, a determinación, que, debido a estar condicionada polas circunstancias nas que se produce o discurso e polo propio discurso -non se debe esquecer que pertence á técnica "general del hablar" (Coseriu 1869: 291)-, presenta dúas subfuncións, a presentación e a pos-presentación.

³ Barrera Linares (1982) distingue entre presentadores e actualizadores. Os primeiros contrastan e oponse entre si e contrastan cos actualizadores. Os segundos oponse entre eles e teñen valor anafórico.

⁴ Para unha aproximación ás distintas oposicións que se establecen entre os determinantes presentadores pode verse Alvarez Martínez (1986: 129-203), Coseriu (1969: 293-308) e Barrera Linares (1982).

3. A FUNCIÓN DO ARTIGO

Dentro da determinación correspóndenlle ó artigo a pospresentación dos conceptos no discurso, é dicir, a súa reactualización e a confirmación da extensión coa que antes foran presentados:

Unha fulana que tiña *un amigo* (...) e morreulle *o amigo* (Cambados, 323.11⁵).

Tiña onda *unha pereira un bote* con cartos (...) e rouboume *a pereira* e rouboume *o bote* (Feás, 179.39).

Era un rei e tiña *unha filla e a filla* era moi guapa. (Ancares, 268.4).

Precisamente, o feito de que os pospresentadores remitan á extensión que anteriormente se lle concedera ó concepto permite atribuírles a estes elementos a realización dun sinalamento anafórico (Renzi 1976: 12 e Álvarez / Monteagudo / Regueira 1986: 144).

O artigo non é, con todo, o único pospresentador que existe no galego, aínda que o sexa por excelencia e como forma non marcada; o demostrativo tamén realiza a mesma función, establecéndose entre eles unha oposición semántica, o demostrativo reforza o sinalamento anafórico do artigo e localiza o obxecto no discurso; e outra funcional, o demostrativo pode actuar como Núcleo mentres o artigo está imposibilitado para desempeñar este papel:

Aquí hai *unha feira* (...) *esa feira*... (Lubián, 195.164-5).

Pasando por *un monte* (...) Pasando por *ese monte*... (Cebreiro, 44.3).

Tiña *un mozo* (...) e *aquel mozo* (...) E díxolle *ó mozo*... (Ancares, 270.16-18).

Vendeu *un xato* (...) A metade menos do que valía *o xato* (...) Págalle *ese xato*... (Negueira, 315.80).

Agora ben, existen exemplos onde o artigo funciona como determinante dun concepto que antes non fora presentado⁶:

⁵ Unha grande parte dos exemplos empregados proceden de textos do galego vivo publicados en distintas monografías, orixinalmente transcritos foneticamente ou representando a fala propia do lugar. Como este traballo non pretende recolle-las variedades dialectais que nada aportarían, adaptáronse segundo as *Normas ortográficas e morfolóxicas* da RAG/ILG (Vigo, 1982) para así facilita-la súa lectura. As abreviaturas empregadas indican o lugar onde se recolleu o texto; para coñece-la súa referencia bibliográfica véxase o apartado 5.2 (*Referencias textuais*) da bibliografía correspondente. Nas indicacións numéricas primeiro aparece a páxina e, separada por un punto, a liña.

⁶ Tomando como base estes casos, e o propio sinalamento como pospresentador, formulouse a teoría de que o artigo acompaña sempre a conceptos consabidos do que fala e do que escoita (Bello 1970: 102; Lázaro 1975: 358). Se ben é certo que, como pospresentador e nos casos de presentación por contexto extraverbal (3.1.1.1), o concepto é consabido; non ocorre o mesmo cando se forma un campo

Fun *coas vacas* e repenáronme *a vara*.

Sáfu *o sol*.

As mulleres loitan por liberárense.

Tendo en conta que esta é a primeira mención dos conceptos anteditos e que non pode estar actuando no papel de pospresentador, non cabe outra posibilidade cá de considerar que o artigo está aquí realizando a subfunción da presentación.

3.1. O artigo presentador

Ó falar da determinación-presentación afirmouse que se trataba dunha subfunción que levaba aparelladas tres operacións (actualización, segmentación e individualización) e un requisito (acompaña-la primeira mención dun nome no discurso) e que podía estar desempeñada por *un*, *numerais* e *indefinidos* -e mesmo pola ausencia de marca-, segundo o tipo de individualización e de segmentación que se queira realizar. Débese constatar, sen embargo, a existencia de enunciados onde os conceptos non van acompañados na súa primeira mención por un dos presentadores nomeados:

1. Sáfu *o sol*.
2. Unha porta *coa pechadura verde*.
3. *As mulleres* loitan por liberárense.

Ante esta realidade caben dúas posibilidades: ou considerar que o artigo nestes enunciados segue a realiza-la súa función propia -a pospresentación- ou que está desenvolvendo o papel de presentador.

Tendo en conta que os conceptos non foron anteriormente definidos na súa extensión -requisito básico para podelos pospresentar- parece máis lóxico considerar que o artigo é aquí un presentador. Agora ben, non hai dúbida de que nestes casos se tivo que producir algunha alteración nas operacións propias da presentación, xa que el non está capacitado para segmentar nin para individualizar -si para confirmar estas operacións unha vez feitas- aínda que pode actualizar -como pospresentador reactualiza os conceptos.

Retomando os exemplos anteriores pódese comprobar que, efectivamente, esta unidade non realiza nin a segmentación nin a individualización. En 1) o concepto remite a unha realidade da que só hai un exemplar, non son necesarias, xa que logo, nin a segmentación nin a individualización; en 2), debido á mención anterior que se fixo da *porta*, enténdese que *a pechadura* non é outra cá desa porta, polo que tamén agora se excusan a individualización e a segmentación; en 3) faise

de sentido (3.1.1.3), cando a presentación con *o* está posibilitada polo contexto verbal (3.1.1.2) ou cando é consecuencia do significado aportado polo sustantivo (3.1.2). As excepcións recomentan o abandono desta teoría e a aceptación das razóns contextuais e das causas semánticas para explica-lo emprego do artigo como presentador.

referencia á totalidade de membros dunha clase polo que non hai xa que singularizar un ou varios membros dela, selecciónanse todos. En definitiva, o artigo funciona como presentador cando os obxectos nomeados por primeira vez están perfectamente segmentados e individualizados polas circunstancias nas que se desenvolve o discurso (razóns contextuais) ou pola extensión significativa que se lle concede ó concepto (razóns semánticas).

3.1.1. Artigo presentador por razóns contextuais

Para delimitar algún dos casos nos que o artigo funciona como presentador, cómpre defini-lo contexto -conxunto de tódalas circunstancias lingüísticas e extralingüísticas que rodean un acto de fala: o dito antes e despois, o momento, lugar e cultura en que se realiza, etc. (Coseriu 1969: 313)-, dado que o entorno no que se encadra o discurso (ou contexto extraverbal) e mailo propio discurso (contexto verbal) son os encargados de proporcionarlles ós participantes no acto da fala unha información que lles permitirá realiza-la segmentación e a individualización de determinados conceptos sen teren que recorrer ós signos lingüísticos, que noutras circunstancias realizarían esta función. Así acontece cando falan dúas persoas dun mesmo lugar, os coñecementos que teñen sobre el permítenlles ter singularizados aqueles nomes que designen realidades que eles recoñecen como propias: "A última vez que o vin ía *na curva*"⁷; ou cando o concepto vai modificado de tal xeito que non é posible que haxa outros da súa mesma especie: "*dáme o cazo do leite*"⁸.

Entre os posibles contextos son tres os que inflúen na elección do presentador: o contexto verbal, o contexto extraverbal e o campo de sentido (conxunción de contexto verbal e extraverbal).

3.1.1.1. O contexto extraverbal

O contexto extraverbal está formado polo conxunto de coñecementos que posúen os interlocutores e que non foron expresados polo contexto verbal, polo discurso. A súa conformación e delimitación realízana as vivencias particulares e sociais de cada individuo e as circunstancias históricas que as orixinaron. Cando este contexto é común ás persoas do discurso, os elementos que o conforman están perfectamente segmentados e individualizados, excusándose, polo mesmo, a presenza dun presentador que realice estas operacións, abonda cun actualizador, é dicir co artigo:

Hoxe non dá saído *o sol*

Os alemáns non queren falar *da guerra*.

⁷ Se este enunciado fose destinado a unha persoa non coñecedora do lugar, a presentación sería con *un*: "a última vez que o vin ía *nunha curva*..."

⁸ Compárese con "*dáme un cazo*".

Dentro del pódense realizar, seguindo a Coseriu (1969: 313-317), subdivisións baseadas no tipo de coñecemento que posibilita a súa configuración⁹:

a) *Contexto histórico*. Inclúe tódolos feitos históricos coñecidos polos falantes, tanto particulares coma universais:

Cando foi *da manifestación* saímos na televisión.
Foi máis ou menos durante *a guerra*.

b) *Contexto físico*. Comprende todas aquelas cousas que están á vista dos participantes no discurso:

[No taller do zoqueiro] Agora teño que escavala *coa gubia* e limpala *coa llerga*.

Nestes casos é moi frecuente a presenza dun adverbio situacional:

Metámonos *aquí no pallar* (Feás, 154.18)
Busquei todo *alí polos armarios* (Verín, 196.17).

c) *Contexto empírico*. Está composto por todo aquilo que os falantes recoñecen como pertencente a un lugar ou a un momento determinado, sen necesidade de que estea á vista:

Se córta-la corda metémoste *ó río* (Verín, 202.19).
Houbo unha luz toda a vida *no muíño*.

d) *Contexto cultural*. Confórmano tódolos elementos que pertencen á cultura tradicional da comunidade na que se desenvolve a vida dos falantes.

Cobra *o subsidio* (Feás, 178.46).
[Foramos para a cama] e sae *á bacenilla* (Negueira, 320.265).
[fala o cura] -Non deron *os ovos nin a obrata* (Feás, 148.28).

Moitas veces o cultural aparece restrinxido ó que é costume dentro dun grupo, mesmo tan reducido coma a familia. Así se pode apreciar neste exemplo onde se fala do xeito de facer chourizos: "e despois bótaslle *as pasas*". Se a conversa se establecese cunha persoa que non ten plenamente identificado ese concepto, o esperado sería "e despois bótaslle *pasas*"¹⁰.

e) *Contexto natural*. Fórmano tódolos elementos do universo coñecido e que son singularizados por tódolos individuos, dito doutro xeito, o coñecemento do mundo que nos rodea fai que existan, individualizados, unha serie de concep-

⁹ Esta clasificación non é máis ca unha das posibles. Entre os seus defectos está o feito de que un mesmo concepto pode ser incluído dentro dos varios indicados. É o caso dos termos relixiosos que se poden considerar segmentados e individualizados polo contexto empírico (pertencen á realidade cotiá) ou polo cultural (son constituíntes e conformadores da cultura propia).

¹⁰ Aquí o presentador é Ø debido á presenza do plural. Véxase Hermida (1986: 60-68)

tos pertencentes a el e que se identifican como únicos representantes da súa clase. Aquí están integrados os chamados seres únicos:

- Xa dá *o sol* (Ancares, 264.20)
 Había unha brisa *do norte* (Sada, 230.15)
 Está por riba deles, *no aire* (Cebreiro, 73.23)

Algún destes conceptos pode, con todo, admiti-la presentación con *un*:

1. *No alto* do Lombeiriño (Lubián, 132.3)
2. Puxéronse *nun alto*.

Nos dous exemplos propostos prodúcese unha variación de significado. En 1), sinónimo de *cume*, compórtase como un ser único e non admite a presentación con *un*. En 2), sinónimo de *outeiro*, xa non é un ente único polo que precisa dun presentador propio. Ás veces, e sen variar de significado, o ente único admite a forma *un*: "eu faría *un mundo mellor*". Isto é posible porque neste casos o falante está suxerindo a posible existencia de varios exemplares dese concepto que é único; de feito sempre que se dá esta posibilidade aparece unha modificación. Cómpre tamén suliñar que estas formas non admiten o *un* presentador, pero si o clasificador¹¹:

- Se non houbera *un vento favorable* (Sada, 230.55)
 É *unha marca bonita* (Sada, 231.27)

Por outra banda, débese salientar que existen series de conceptos que poden ser incluídos non nun só dos posibles contextos extraverbais presentados, senón que caben en varios. É o caso, por exemplo, dos conceptos relacionados coa relixión, que se poden considerar segmentados e individualizados polo contexto cultural ou polo contexto empírico (fan referencia a cousas ou persoas que se coñecen por pertenceren á realidade cotiá).

En definitiva, o contexto extraverbal que rodea un discurso permite a presentación dun grupo de conceptos por medio do artigo, dado que non é preciso segmentalos nin individualizalos; pero pode ocorrer que o contextual para o emisor non o sexa para o receptor. Se o primeiro se decata deste feito, recorre ó presentador propio, mesmo despois de face-la presentación con *o*:

- E despois de subir así *pola costa* para riba, que había que subir *unha costa*.

3.1.1.2. O contexto verbal

Nunha mesma situación discursiva -o concepto non foi aínda presentado e tampouco forma parte do contexto extraverbal dos participantes no discurso-, é posible calquera destes dous enunciados:

¹¹ Valor de *un* que busca a inclusión dun obxecto dentro da clase á que pertence asemade lle concede as propias características da clase (véxase Hermida 1986: 37-47).

1. Estaba *nunha porta*.
2. Estaba *na porta* dunha casa.

En 1) o concepto *porta* vai acompañado dun presentador que o actualiza, segmenta e individualiza. En 2) o presentador é o artigo, que, como xa se dixo, non ten capacidade para segmentar e individualizar, só para reactualizar. A circunstancia que permite a variación do presentador e que obvia as dúas operacións citadas é o contexto verbal que se pode definir, en palabras de Coseriu (1969: 314), como "el discurso mismo en cuanto "entorno" de cada una de sus partes" e que o constitúe "no solo *lo dicho antes* (...) sino también *lo dicho después*, en el mismo discurso" (*Ibidem*).

O contexto verbal afecta á elección do determinante cando se produce unha especificación sintagmática, é dicir, cando o sustantivo leva á par de si unha modificación¹² que restrinxe a súa denotación ata convertelo nun ser único ou nun "nome identificador" (Alarcos 1980: 233), que xa non precisa ser segmentado nin individualizado, dado que a clase á que pertence xa non posúe máis ca un exemplar.

1. E todos saímos menos *o compañeiro que non se quixo tirar*. (Sada, 229.23).
2. E *coa boina que traía...* (Cebreiro, 80.5).
3. Prendeu o bote *na pechadura da porta* (Ancares, 263.291).
4. Teño alí *a pota da comida* (Feás, 160.7).

Nas mesmas condicións cós casos anteriores está unha serie de exemplos onde non se produce unha modificación directa sobre o sustantivo, senón que se establecen outras relacións sintácticas, aínda que semanticamente a restricción significativa é semellante á da especificación sintagmática:

1. Di *o refrán*: "amiguiño si, pero..." (Ancares, 264.15).
2. Morreulle *o home* á tía Manuela (Feás, 172.27).

Indicouse anteriormente que o artigo realizaba como pospresentador un sinalamento anafórico (remite á extensión que antes se lle concedera ó obxecto); nos casos ós que se refire este epígrafe hai que salienta-la presenza do sinalamento catafórico (Renzi 1976: 11); agora acompaña un elemento cunha extensión que se coñecerá despois, a que lle proporciona a especificación sintagmática.

Non se pode concluír, con todo, que tódolos conceptos que leven unha modificación son presentados co artigo. Existen numerosos exemplos que non permiten a xeneralización:

¹² Fundamentalmente cando se trata dunha frase preposicional ou dunha cláusula integrada de relativo. Non ocorre o mesmo cando se trata dun adxectivo, debido a que a restricción significativa que realizan non é capaz de converte-los conceptos en seres únicos; só algúns como os numerais ordinais, os posesivos e outros como *típico*, etc, posibilitan a presentación co artigo.

1. Fun lavarme a *un regueiro que había alí* (Negueira, 314.47).
2. Acordoume *un castrón que me morreu onte* (Feás, 140.28).
3. Deitárono a durmir encima *dunha arca que tiñan atrás do lume* (Cebreiro, 75.4).

A presenza do presentador *un* explícase aquí polas distintas maneiras que teñen de modifica-las cláusulas relativas. A diferente elección do presentador nestes exemplos:

1. *Un castrón que me morreu onte...*
2. *O castrón que me morreu onte...*

débese á distinta modificación realizada pola cláusula integrada. En 1) trátase dunha cláusula *explicativa*: posúe independencia tonal e explica algo do concepto presentado; a 2) é *especificativa*: non posúe independencia tonal e especifica o concepto. A elección do presentador ten que ver con esta diferenza e, sobre todo, co distinto xeito que teñen as cláusulas integradas, e tamén os adxectivos, de restrinxiren o significado: os especificativos fan diminuír de tal xeito o número de elementos ós que se lles pode aplicar esa modificación que os converten en seres únicos, por iso o seu presentador é o artigo -como ser único non precisa a segmentación nin a individualización-; os explicativos non restrinxen o número de entes, só engaden información, por iso precisan de *un* (ou de calquera outro presentador pleno) porque cómpre segmentalo e individualizalo fronte ó resto de membros da súa clase.

3.1.1.3. *Campo de sentido*¹³

Non tódolos casos nos que o artigo é presentador por razóns contextuais se poden explicar pola existencia dun contexto verbal ou extraverbal. No enunciado seguinte

Viu unha porta e foi mirar *pola pechadura*

'a pechadura' é a primeira vez que se nomea no discurso e vai acompañada de *o* pero non vai modificada sintagmaticamente (non hai, polo tanto, contexto verbal) nin existe ningunha causa que permita a formación dun contexto extraverbal que segmente e individualice o concepto presentado. Así e todo, o concepto está para os interlocutores perfectamente singularizado: trátase da pechadura da porta que se acaba de nomear e non doutra calquera.

O contexto verbal inflúe, sen embargo, na elección do presentador: se 'porta' non fose nomeada antes, 'pechadura' levaría outro presentador. Isto pódese comprobar ó eliminar 'viu unha porta'; o que resta do enunciado primitivo varía na súa denotación, agora en 'foi mirar pola pechadura' só se entende a presentación co artigo se o que se nomea é un obxecto que está á vista, é dicir, se

¹³ Para os casos que se presentarán de seguido fálase do *valor posesivo* do artigo: Alcina/Blecuca 1975: 566, Cunha/Cintra 1984: 215, Álvarez/Monteagudo/Regueira 1986: 141-143.

existe un contexto extraverbal empírico¹⁴ ou se se trata dunha pospresentación. Tamén o contexto extraverbal xoga aquí un papel importante; os coñecementos culturais e naturais son necesarios para que non sexa precisa a segmentación e a individualización por medio de signos lingüísticos. Se non se soubese que as portas teñen pechaduras, este elemento non estaría segmentado e individualizado no exemplo proposto. De feito non é normal a presentación co artigo no enunciado:

Entrou nunha casa e foi mirar *polo telescopio*

a non ser que se teña un coñecemento previo do *telescopio*.

Esta conxunción de contexto verbal e extraverbal e a importancia que ten na elección do determinante presentador foi notada por S. Fernández (1951: 280) que empregou para nomealo o termo *campo de sentido*.

O campo de sentido fórmase pola conxunción de dous procesos, consecuencia o un do outro. O nomeamento dun concepto no discurso provoca a súa actualización, segmentación e individualización na mente do falante e tamén a inmediata actualización, segmentación e individualización de tódolos elementos que, por diversas causas, manteñen con el algún tipo de relación; de tal xeito que, se despois se nomea calquera un deles, xa non é necesario realizar ningunha destas operacións: a relación que manteñen co elemento primeiramente presentado obvia a segmentación e a individualización. Isto maniféstase claramente ó comparar estes dous enunciados:

1. Colleulle unha pulseira e rompeulle *un enganche*.
2. Colleulle unha pulseira e rompeulle *o enganche*.

En 2) decodifícase que o *enganche* que rompeu foi o da pulseira primeiramente nomeada, en 1) non se establece ningunha relación entre a pulseira e o enganche, trátase de dous obxectos independentes e que, polo tanto, deben ser segmentados e individualizados por separado.

Hai que facer notar que a presentación co artigo cando se orixina un campo de sentido non é a única posible. Tamén pode aparecer calquera outro presentador, pero iso implica que o elemento presentado en segundo lugar non é o único da súa especie que mantén as mesmas relacións co elemento anteriormente mentado. No exemplo 1) tamén se podería entender que o enganche é da pulseira antedita, o que leva a considerar que a pulseira tiña varios enganches; nese caso habería que realiza-la segmentación e individualización de entre os posibles, o que ocorre por exemplo en:

Pillou un paxaro e repenoulle *unha pluma*.
O home de María escordou *unha man*.

¹⁴ Nótase que o contexto verbal é neste caso diferente ó nomeado anteriormente; agora trátase do que se dixo antes e non do que se dirá despois.

En definitiva, o campo de sentido é unha mestura de contexto verbal (hai que nomear un concepto no discurso) e extraverbal (segméntanse e individualízanse tódolos elementos que gardan relacións culturais, naturais, etc. co elemento presentado) que permite singularizar conceptos sen necesidade dun signo lingüístico que realice esta operación. Se a relación que se establece é cun conxunto e non cunha unidade, é dicir, se o elemento co que se mantén esa relación non é único, daquela poderase empregar un signo lingüístico que realice estas operacións, que pode ser obrigatorio, se o conxunto é amplo, *"*pillou un paxaro e repenoulle a pluma*"; ou optativo, se se trata dunha dualidade, "*O home de María acordou unha man/a man*".

Entre os posibles campos de sentido hai varios que teñen unha frecuencia moi alta de aparición:

a) Campo de sentido da inclusión. Fórmase entre un elemento e todos aqueles que manteñen con el unha relación do todo coa parte:

1. Durmimos *nunha casa... o colchón* era de palla... *as portadas* eran bañiñas (Verín, 196.20).
2. Boteille eu a man a *un foguete*. Veu el, tíñao *pola canaveira...* (Feás, 158.22)
3. Están *as casas* con electrodomésticos, e *no portal...* (Piantón, 128.22)

Nos exemplos expostos a relación do todo coa parte débese ó coñecemento que proporciona a realidade ou contexto natural, pero tamén pode acontecer que esa relación sexa debida ó contexto cultural.

Fun *á feira...* fun *ós porcos* (Feás, 164.39).

A miña casa ten a *lareira* á parte.

É o caso dos exemplos anteriores onde non se explica a presenza do presentador o de non saber, por cultura, que nas feiras galegas hai "porcos" ou que nas casas labregas existen as "cociñas de lareira".

Dentro deste campo inclúense tamén os conceptos que designan as partes do corpo e as facultades mentais¹⁵:

E engancha *ó Vinculeiro polos cabezóns* (Feás, 156.14).

que presentan algúns trazos distintivos na orixe do campo de sentido. Nos casos anteriormente citados para que se orixinase o campo cumpría explicitar no discurso o concepto que o creaba; coas partes do corpo e coas facultades mentais abunda co suxeito ou pronome correspondente, coa simple forma verbal (se o suxeito coincide co todo/posuidor) ou cun pronome átono:

¹⁵ Renzi (1976: 12) no seu traballo sobre o artigo distingue entre a posesión inalienable (partes do corpo e facultades mentais) e a alienable (pertenzas materiais) debido ó seu distinto comportamento con respecto ó posesivo e ó artigo. Esta división tamén se mantén aquí, pero unicamente porque as relacións que os orixinan son distintas; para unha crítica á separación feita por este autor véxase Hermida 1986: 130-141.

Eu esmagueillos cos pés (Feás, 160.27)

Metía grans de uz polas tetas (Ancares, 269.40)

Pégame un par de patadas nas costelas (Negueira, 314.67)

b) da pertenza. Nel inclúense os conceptos que levan *o* como presentador debido a que manteñen unha relación de pertenza (cousas posuídas) con outro concepto (posuidor) nomeado anteriormente:

María leva a chaqueta do revés.

Tamén aquí, como no caso das partes do corpo, o campo pode estar orixinado non por un concepto nomeado anteriormente, senón por un pronome átono, unha forma verbal (se hai coincidencia entre o suxeito e o posuidor) ou por un pronome átono:

Tes sangue aí no colo da camisa (Negueira, 314.71).

Meteu a man ó peto (Verín, 194.1)

A min quedábame a chaqueta (Feás, 174.1)

d) da acción. Caracterízase, frente ós anteriores, porque o orixina unha acción e non un estado. Ata agora o campo xurdía despois da presentación no discurso dun concepto, o que implicaba, automaticamente, a individualización por parte dos interlocutores de tódolos outros conceptos con el relacionados. No que agora nos ocupa, os conceptos posteriores aparecen singularizados porque se refíren ó estado, momento ou cousas necesarias para o desenvolvemento da acción que anteriormente se mencionou.

1. Díxolle que se tiña que *confesar*. E entón foi *á confesión* (Verín, 184.23).

2. ... *morreulle* o amigo e foron todos *ó enterro*... (Cambados, 322.13).

3. Andaba *arando* cuns bois... encima *do arado* (Cebreiro, 79.15).

4. ... facía ela unhas sopas. De tanto contento tirou *coa cazola*... (Ancares, 268.35).

3.1.2. O artigo presentador por razóns semánticas

Ata agora examináronse os casos de presentación co artigo por razóns contextuais, fundamentalmente debidas ó discurso (verbais) e polos coñecementos comúns dos individuos que participan nel (extraverbais). Neste apartado trátanse os casos de presentación co artigo que teñen a súa orixe no propio significado do concepto presentado.

3.1.2.1. Artigo presentador máis mención á clase

Nos textos analizados para a realización deste traballo áchanse casos de presentación con *o* que non se poden encadrar dentro da aparición desta forma presentadora por causas contextuais:

1. Como di *o galego*: "a vaquiña... (Ancares, 264.12)

2. *O mariñeiro* marcha ás cinco da tarde (...) (Sada, 227.1).

Nos exemplos expostos o concepto nomeado non remite a un membro dunha clase, senón á propia clase: o sustantivo non denota un ente segmentable e individualizable -de aí que non precise un presentador que realice estas operacións-, senón que remite a unha abstracción que reúne tódalas características da clase; represéntaa a ela e non a un membro. Precisamente a peculiar denotación do sustantivo que non sinala un ente individualizable, senón un ente xenérico, é a que permite a presentación co artigo.

Este procedemento de presentación con *o* cando se quere designa-la clase e non un membro é moi frecuente nos contos populares debido, se cadra, á propia finalidade do conto: pretende ensinar e para iso recorre a estereotipos, é dicir, a representantes dunha especie que son tomados como modelos a seguir ou a refugar:

1. Foron *a raposa e o lobo* a unha cazata de troitas... (Verín, 182.11)
2. Andaban tratando de facerlle xusticia *ó lobo*... (Verín, 184.20).

Aínda que a mención á clase se pode facer empregando como presentador *o*, tamén é posible que vaia acompañada por *un*:

1. *Un home* non faría esas cousas.
2. *Un can* non morde se non o provocan.

A diferenza que se establece entre estes dous tipos de presentación foi explicada por Pottier (1964: 41). Con *un*¹⁶ preséntase a clase a través dun dos seus membros que se constitúe no seu representante; con *o*¹⁷ a clase está representada no seu conxunto.

3.1.2.2. *Mención da totalidade*

O artigo aparece tamén como presentador cando se quere nomea-lo conxunto de elementos comprendidos nunha clase:

1. *As mulleres*, estando *os homes* agrupados(...) dedícanse *ás faenas* da casa (Piantón, 186.37-38).
2. *Os curas* non daban... e *os mozos*... (Lubián, 192.64)
3. Antes *os homes* éranlle como *os bois* (Verín, 208.20)

A presentación con *o* nos exemplos anteriores permite indicar que non se fai unha segmentación e individualización de entre o conxunto de elementos que integran unha clase, senón que se nomea a totalidade de membros que a compoñen. De

¹⁶ "L'extension de la notion est maximum, car ce que en est dit peut s'appliquer à tous ... Mais cependant on n'en a vue qu'un seus, quelconque parmi la totalité" (Pottier 1964: 41).

¹⁷ "on n'en prend pas un quelconque parmi l'ensemble. C'est l'unité du point de départ qui est portée à la plus grande extension possible". (Pottier 1964: 41).

feito, estas construcións son totalmente parellas ás que presentan no sintagma nominal o cuantificador *todo*:

1. E *tódolos homes* que había por alí... (Feás, 144.27)
2. Saíume *a pel toda* da cara (Feás, 142.5)
3. Xa fixen *toda a laborada*... (Ancares, 268.3)

Se dos exemplos citados se suprime o cuantificador, a expresión da totalidade do colectivo que se menciona non desaparece, senón que se mantén sen ningunha alteración¹⁸:

Os homes que había por alí...
 Saíume *a pel* da cara
 Xa fixen *a laborada*

Os casos tratados neste epígrafe están directamente relacionados cos vistos anteriormente, cando o artigo presenta nomes que fan referencia á clase:

1. As mulleres queren liberarse
2. A muller quere liberarse

A diferenza que se establece entre uns e outros ten que ver coa maneira en que se menciona a clase. En 1) noméase a través de tódolos seus membros, porque se menciona o conxunto; en 2) fálase dun estereotipo que contén tódolos elementos propios da clase e que a representa, a ela e a cada un dos seus membros. Con 1) a referencia á clase faise na medida en que se fala dos seus constituíntes, xa que logo, indirectamente; en 2) noméase directamente.

4. RECAPITULACIÓN

Aceptando a existencia da determinación como función sintáctica, distínguense dous tipos de determinantes, segundo o seu papel no discurso: os que teñen a misión de presenta-los conceptos (presentadores) e aqueles que acompañan a mención de conceptos anteriormente presentados (pospresentadores).

Os presentadores (*un, indefinidos, numerais...*), actualizan, segmentan e individualizan o concepto fronte ó resto de membros da súa clase e acompañan a súa primeira mención. Os pospresentadores (*artigo, demostrativos*) reactualizan un

¹⁸ Disto pode deducirse que *todo* resulta aquí redundante: a súa presenza serve para resalta-la extensión coa que se debe toma-lo concepto expresado, como unha totalidade, extensión que xa lle é concedida polo artigo. Poderíase, xa que logo, pensar nun valor enfático deste cuantificador; sen embargo, non sempre se pode prescindir del: *"o mundo botaba unha risada"*, *"desfíxome a cabeza polos sitios"*.

concepto xa presentado e confirman a extensión (segmentación e individualización) que antes lle fora concedida.

O artigo é un pospresentador que só está capacitado para reactualizar e confirma-la singularización que con anterioridade lle concederon ó concepto os presentadores. Con todo, cando se conxugan unha serie de circunstancias, esta unidade lingüística pode actuar como presentador, para o que é necesario que os conceptos estean segmentados e individualizados con anterioridade á súa primeira mención no discurso, porque o artigo non ten capacidade para realizar estas operacións. Os casos nos que a singularización (segmentación + individualización) xa está feita, ou se excusa, son debidos ó contexto no que se encadra o concepto e á extensión significativa que se lle concede. O contexto verbal, todo o dito antes ou despois no discurso, o contexto extraverbal -entorno físico, histórico e social- no que se produce o acto da fala e o campo de sentido -conxunción do contexto verbal e do contexto extraverbal- permiten que os participantes na conversa teñan segmentado e individualizado un concepto sen posibilidade de confusión cos seus conxéneres, non sendo necesaria, polo tanto, máis cá operación da actualización, operación que pode desempeña-lo artigo.

A extensión significativa que se lle queira dar a un elemento afecta tamén á elección do presentador. Cando a denotación feita polo sustantivo é a do conxunto de elementos que compón a clase -incídese na totalidade de seres desas características-, ou cando se sinala directamente a clase a través dun arquetipo, non é necesario en ningún destes casos segmentar nin individualizar un número definido de elementos do conxunto, preséntanse todos -cando nos referimos a unha totalidade- ou non se segmenta nin individualiza ningún membro porque falamos dun arquetipo que ostenta a representación da clase. O artigo actúa tamén aquí como presentador xa que unicamente hai que realiza-la operación da actualización; no caso de aparecer outro presentador introduciríanse novos contidos semánticos distintos dos indicados anteriormente.

En definitiva, o artigo, como pospresentador, forma paradigma co *demonstrativo*, ó que se opón por razóns semánticas e funcionais; como presentador sitúase ó mesmo nivel cós *indefinidos*, *numerais*, *un*, \emptyset , etc., cos que entra en oposición -ademais doutras sintácticas e semánticas-, por non realizar dúas das operacións que son propias da presentación: a segmentación e a individualización.

5. BIBLIOGRAFÍA

5.1. *Bibliografía citada e consultada*

Alarcos Llorach, E. (1980): "El artículo en español", en *Estudios de gramática funcional del español*, Gredos, Madrid, 1980³, 223-234.

- Alcina Franch, J. / Blecua, J. M. (1975): *Gramática española*, Ariel, Barcelona, 1975.
- Alonso, A. (1974): "Estilística y gramática del artículo en español", en *Estudios lingüísticos. Temas españoles*, Gredos, Madrid, 1974³, 125-160.
- Álvarez, R. / Monteagudo, H. / Regueira, X.L. (1986): *Gramática galega*, Galaxia, Vigo, 1986.
- Álvarez Martínez, M. A. (1986): *El artículo como entidad funcional en el español de hoy*, Gredos, Madrid, 1986.
- Barrera Linares, L. (1982): "Apuntes para un estudio de los determinantes", en *Letras*, 37 (1982), Instituto Universitario Pedagógico, Caracas, 1982, 55-75.
- Bello, A. / Cuervo, R.J. (1970): *Gramática de la lengua castellana*, Sopena, Buenos Aires, 1970⁸.
- Coseriu, E. (1969): "Determinación y entorno. Dos problemas de una lingüística del hablar", en *Teoría del lenguaje y lingüística general*, Gredos, Madrid, 1969, 228-323.
- Cunha, C. / Cintra, J. Lindley (1984): *Nova gramática do português contemporâneo*, Sá da Costa, Lisboa, 1984.
- Fernández Ramírez, S. (1951): *Gramática española. Los sonidos, el nombre y el pronombre*, Revista de Occidente, Madrid, 1951.
- Hermida Gulías, C. (1986): *O artigo: funcións, valores e usos*, Memoria de licenciatura (inédita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago, 1986.
- Lázaro Carreter, F. (1975): "El problema del artículo en español. Una lanza por Bello", en *Homenaje a D. Antonio Rodríguez Moñino*, Castalia, Madrid, 1975, 347-371.
- Lenz, R. (1935): *La oración y sus partes. Estudios de gramática general y castellana*, Centro de Estudios Históricos, Madrid, 1935.
- Pottier, B. (1964): *Introduction à l'étude de la morphosyntaxe espagnole*, Ed. Hispanoamericanas, París, 1964³.
- Real Academia Española (1931): *Gramática de la lengua española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1931.
- Renzi, L. (1976): "Grammatica e storia dell'articolo italiano", en *Studi di Grammatica Italiana*, V (1976), 5-42.

5.2. Referencias textuais

- Ancares = Fernández González, J.R., *El habla de Ancares (León)*, Universidade de Oviedo, 1981.
- Cambados = Fernández Rei, F., "Notas lingüísticas sobre Fefiñáns (Cambados)", en *Homenaxe a Cabanillas*, Universidade de Santiago, 1977, 323.
- Cebreiro = Roux, M., *Fala o fistor e fáise o día*, Ed. do Castro, Sada, 1982.
- Feás = Couceiro, X. L., *El habla de Feás*, anexo 5 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1976.

- Lubián = Fernández Rei, F., "Textos do galego exterior", en *Homenaje a Alvaro Galmés de Fuentes*, Universidade de Oviedo/Gredos, Oviedo/Madrid, 1985.
- Negueira = Santamarina, A., "Testos e noticia de Negueira (Lugo)", en *Verba*, 2 (1975), Universidade de Santiago, 1975, 307-323.
- Sada = Ríos Panisse, M.C., "Vida mariñeira de Sada", en *Verba*, 1 (1974), Universidade de Santiago, 1974, 227-231.
- Verín = Taboada, M., *El habla del valle de Verín*, anexo 15 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1979.